


Ruta: As Abellas do Courel



INFORMACIÓN

Os interesados en facer esta ruta, poden contactar coa

ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA

info@rutadasabellas.com

Tel.: 981 50 81 42

— Estradas

— Ríos

— Ruta das abellas, 5,5 km.

— Puntos de interese apícola

— Museo Etnográfico

— Núcleos de poboación

CENTROS DE INTERESE

Casa Macía MEL RURAL

Tel.: 982 428 716

As Estradas. Hospital

27320 Quiroga. Lugo

Cooperativa CAURU

Tel.: 679 746 303

Polígono Industrial. Par. nº 10

27320 Quiroga. Lugo

Museo Etnográfico

Tel. (Casa da Cultura): 982 428 946

Rúa Real s/n Baixo


(Auditorio Municipal)

27320 Quiroga. Lugo

Para mais información: www.rutadasabellas.com e www.concellodequiroga.es



AGA
ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA



Ruta das abellas

QUIROGA

Entra e disfrutarás



No municipio de Quiroga, dentro da Serra do Courel, atopamos excepcionais paraxes naturais, atravesados por antigos camiños, montes, devesas, e cristalinos ríos con impresionantes fervezas. Natureza en estado puro neste espazo natural protexido, no que se integra a Ruta das Abellas.

E ben visitar de vagar o Museo Etnográfico de Quiroga xa que é un auténtico compendio da historia, a cultura, as tradicións e os oficios da comarca representados polos útiles e ferramentas empregadas polos devanceiros e doados pola propia xente do concello.



O patrimonio histórico-cultural ven marcado pola determinante estadia dos romanos e o carácter que imprimiron os Cabaleiros da Orde de Malta, dominadores espirituais desta comarca no medievo. Percorrendo a Ruta das Abellas faranse visibles as pegadas do pasado e a importancia social e económica da apicultura na zona.

Rematada a Ruta, atoparemos dous centros de produción de mel da zona: Manuel Macía, abelleiro profesional e a Cooperativa Cauru, integrada por un grupo de abelleiros de Quiroga. Ambos ofertan os seus produtos apícolas, en produción ecolóxica, directamente ao consumidor nas súas propias instalacións.



O cultivo das abellas e do mel está documentado en Quiroga dende a chegada dos romanos. O mel destas terras era envasado en meleiras de barro e levado a Roma, capital do Imperio. Na actualidade podemos disfrutar dos extraordinarios meles de queirogas e castiñeiros e outros saudables produtos das abellas.

E non podemos marchar de Quiroga sen saborear a súa rica gastronomía: xamón, embutidos elaborados a base de porco, carnes de caza, aceites e, por suposto, meles, sen esquecer os afamados viños da zona. Destacar, entre as moitas feiras e festas do concello, a Feira do Mel que se celebra anualmente o día 10 de agosto.

